


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

16 – 17 de maio do 2020

## VI DOMINGO DE PASCUA



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
E COA NATUREZA MALTRATADA



## 1.- ENCONTRO EN FAMILIA

(tod@s na casa)

**Nota:** O tema de hoxe vai ser PASCUA NO PAN,  
Signo de Compartir.

Xunto a vela que estes días tiñamos na mesa,  
mantemos unha Biblia ou uns Evanxeos, un recipiente  
con auga, e engadimos un pan.

### SAÚDO DE BENVIDA

*Celebrante:*

Hoxe aquí, na casa, estamos reunidos no nome do Pai,  
do Fillo e do Espírito Santo. Amén.

Xa comezou a desescalada e temos diante un tempo de  
esperanza para ir pouco a pouco recuperando costumes e  
modos de vida. Pero na vida sempre hai tempo para  
aprender, xa que moitos de nós aínda non comprendemos  
que non está todo feito, seguimos obrando como se non  
tiveramos que seguir coidándonos.

Cando está rematando o tempo da Pascua temos que  
aprender todo o que Xesús nos foi ensinando nestes días  
e comezar a compartilo cos demais. El ensínanos a pedir  
o pan da vida cada día, para nós e para os outros, e a  
compartilo co que non o ten.

Para que non o esquezamos, prométenos o Espírito  
Paráclito para que estea connosco e nos axude a ser  
xenerosos de verdade pensando máis nos demais que en  
nós mesmos.

♪ **O pouco que Deus nos dá**

**Monitor/a**

No noso camiñar de Pascua, acendemos esta vela na nosa casa, á beira dunha biblia, dunha pouca de auga e un anaco de pan.

Na Eucaristía, Xesús mostrounos que o Pan que El nos dá é Pan de Vida, Pan Compartido que nos fai un con El, Pan preocupado por todos, Pan de Cristo Resucitado que fai comunidade e igrexa responsable cos máis febles. Queremos que Xesús sexa o noso Pan. Moitas son as fames que con El podemos fartar pois Resucita para enchernos da súa vida, e enchernos nós a terra desa súa vida dende este fogar.

*(Acéndense a vela)*

Señor Xesús, ti es PAN DE VIDA,  
PAN COMPARTIDO,  
que este pan teu farte as nosas fames,  
nos dea vida, nos alente na responsabilidade  
á hora de sermos homes e mulleres  
coidadosos con todos,  
que manteñamos a esperanza cada día,  
sentindo que o PAN que Ti nos dás  
convértese en alimento que non se esgota  
e que chega á vida eterna.

♪ **Ti elo pan do ceo**

**ORACIÓN PROPIA DO DÍA**

*Celebrante:* Rematamos a primeira parte da celebración coa oración que xunta as nosas intencións ante o noso Pai Deus.

*(silenzo)*

Deus de misericordia, e cheo de amor, axúdanos a seguir celebrando dun xeito responsable estes días de Pascua.

Que practiquemos nas obras o que celebramos na fe compartindo con todos o PAN de cada día, e que esperemos o Espírito prometido polo teu Fillo Xesús que Resucitado vive e reina contigo por sempre eternamente. Amén

**2.- PROCLAMACIÓN DA  
PALABRA DE DEUS**

**(sentad@s)**

**Monitor/a:** Nestes días da Pascua, dende a casa, somos invitados a compartir o noso PAN de cada día en Cristo cos nosos irmáns, pero son moitos os medos e as incertezas nestes días.

*Escoitaremos na lectura como Xesús nos promete o Espírito Santo para que guíe os nosos camiños sempre. Hoxe, as circunstancias fan que necesitemos del dun xeito especial para que nos aconselle e nos dea responsabilidade e coherencia nas nosas actuacións.*

## PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Felipe baixou á cidade de Samaría e predicoulles o Mesías. O pobo, dun acordo, atendía ao que dicía Felipe, sentindo e vendo os sinais que facía; pois de moitos posuídos saían espíritos impuros a berros, e moitos parálíticos e coxos quedaban curados. A cidade encheuse de alegría.

Ao sentiren dicir os apóstolos, que estaban en Xerusalén, que Samaría acollera a palabra de Deus, mandáronlles a Pedro e a Xoán. Baixaron logo alí, e oraron polos samaritanos, para que recibisen o Espírito Santo, pois aínda non baixara sobre ningún deles: só os bautizaran no nome do Señor Xesús. Entón, fóronlles impondo as mans e recibiron o Espírito Santo.

### Palabra do Señor

🎵 **No colo da miña nai**

SALMO

(en pé) Leccionario I A páx 160 Xn 14, 15-21 EVANXEO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela díxolles Xesús aos seus discípulos:

Se me amades, gardaredes os meus mandamentos, e eu rogareille ao Pai, e daravos outro Paráclito para que decote estea convosco: o Espírito da Verdade.

O mundo non o pode acoller, pois non o ve nin o coñece; mais vós coñecédelo, pois permanece onda vós e está en vós. Non vos deixarei orfos; logo volvo onda vós. Un pouquiño máis e o mundo xa non me verá; pero vós habédesme ver, que eu vivo e tamén vós habedes vivir. Naquel día coñeceredes que eu estou en meu Pai, e vós en min, e eu en vós. Quen ten os meus mandamentos e os garda, ese ámame; o que me ama será amado por meu Pai, e eu amareino e manifestareime a el.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



**Monitor/a** Nesta semana de Pascua estamos convidados a afondar no grande signo da fe, que para nós, é Cristo fonte de PASCUA DE PAN:



1 Pascua de lume e calor

2 Pascua de lume e luz

3 Pascua de Palabra crible

4 Pascua de auga viva

5 Pascua de Pan (no día de hoxe)

6 Pascua de Comunidade

7 Pascua que nos enche do Espírito do Resucitado

## No taboleiro da PASCUA

**Celebrante** A PASCUA DE PAN, alimento que farta tantas e tantas fames.

Coma proposta deste momento facémonos unha pregunta: Que significa para min hoxe pan de Pascua?. (Cada vez que damos unha resposta imos partindo o pan) (así ao final terémolo en anaquiños para compartir)

Pan da Pascua é aprender a repartir.

Pan da Pascua é vida presente nos outros.

Pan da Pascua é alimento espiritual.

Pan de Pascua é responsabilidade.

Pan da Pascua é coherencia.

Pan da Pascua é ...

**Monitor/a**

(o monitor lee os textos que está no taboleiro que poñemos a seguir, deixando un pequeno silencio entre un e outro, e se alguén quere pode facer algún engadido)

# PASCUA no PAN

## Signo de Compartir

O pan sabe a terra  
traballada,  
sabe a  
vida de  
esforzo.



Pan da Vida

Na miña casa  
aprendéronme que  
si eu teño un pan  
e ti non tes nada,  
ambos temos  
medio pan.

Ser humilde  
non custa  
nada.



Cada vez  
que se comparte o Pan,  
compártese a vida  
e faise presente Xesús  
na MESA PASCUAL.



Hoxe en día nos campos  
de refuxiados hai persoas  
que día a día comparten  
o seu pan e se entregan,  
dándonos un exemplo para  
que na medida das nosas  
posibilidades, fagamos o  
mesmo no noso entorno  
coas persoas que sofren.

O Pan que verdadeiramente  
alimenta, non é o Pan que se  
come, senón o Pan que se dá.

Mt  
14, 15-20



O Pan non é só pan, é froito de moito  
traballo: sementar, recoller, amasar e cocer.

O pan das nosas mesas  
é froito das mans dos nosos pais e nais.



A mesa, o altar, é signo do compartir na vida.

Xesús, na oración do Noso Pai, ensínanos a pedir  
o pan que necesitamos para vivir. Tanto para nós  
como para os demais, tanto para o noso corpo como  
para o noso espírito.

"Eu son o  
Pan vivo  
que baixou  
do ceo;  
(Xn 6, 51-58)  
quen coma deste Pan vivirá para sempre."




## COMPARTINDO O CREDO PASCUAL

### ACOLLIDA DA AUGA

**Celebrante** Na celebración da Vixilia Pascual fixemos memoria do noso bautismo. Aquí na casa ante esta mesa compartida que nos une en familia, agradecemoslle a Deus os dons cos que El nos agasalla. *(Como xesto mollamos os dedos e santiguámonos como as veces facemos ao entrar na igrexa)*

Enchoupados da auga e alimentados co PAN, dicimos:  
**BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR**

### Monitor/a

\* Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeche renacer á vida do evanxeo

\* Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes

\* Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa polo alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

**Celebrante** Nestes días de Pascua, renovamos os nosos compromisos na loita contra o mal, pois son moitas as fames que ás veces nos xorden no camiño.

### Monitor/a

Renunciades a cervos superiores aos outros; isto é: a calquera clase de abuso, discriminación, orgullo, egoísmo e desprezo?

**SI, RENUNCIO**

- Renunciades a calar diante das inxustizas e das necesidades das persoas e das institucións, por covardía, preguiza, comodidade e vantaxes persoais?

**SI, RENUNCIO**

- Renunciades aos criterios e comportamentos materialistas que fan do diñeiro a aspiración máis grande da vida; que poñen o pracer por riba de todo; que procuran o negocio como un valor absoluto, mesmo por enriba das persoas, e que aprecian o ben propio como anteposto ao ben común?

**SI, RENUNCIO**

**Celebrante** Deixándonos quecer á beira do LUME da fe, cos ollos postos na LUZ do Resucitado, cos oídos atentos á súa PALABRA, co noso bautismo na AUGA da pascua, compartimos o PAN do noso Señor Xesús Cristo

**Monitor/a**

Credes en Deus,  
Pai e Nai de todos os homes e mulleres, que nos agarima nas súas mans coidadoras e acolledoras?

**SI, CREEMOS**

Credes en Xesús Cristo,  
o seu fillo benquerido, sempre atento para dar unha man resucitándonos para mellorar e medrar no coidado da vida cos demais?

**SI, CREEMOS**

Credes no Espírito de Deus,  
que nos alenta esperanza para soñar irmandade, que nos alenta forza para berrar ante os abusos, que nos alenta amor para coidar da nosa Terra?

**SI, CREEMOS**

Credes na Igrexa,  
unha Igrexa que se fai crible en comunidade, acolledora, respectuosa e coidadora da terra e de todos os homes e mulleres que se senten inxustamente tratados?

**SI, CREEMOS**

(en pé) **ORACIÓN UNIVERSAL**

**Celebrante** *En familia, sentindo viva en Xesús a Palabra de Deus, dirixímoslle a El as nosas voces coas que queremos facernos cribles; dicimos*

**Señor da vida, escoita a nosa oración**

**Monitor/a**

1. Señor, queremos rezar por nós, que estamos aquí compartindo, celebrando e vivindo o Evanxeo dende a casa; que saibamos facer das nosas persoas Pan de Pascua para todos, oremos

2. Señor, que nas nosas comunidades nos deixemos guiar polo xeito de vida de Xesús e colaboremos en todo o que supoña poder levar pan, paz, agarimo, sorriso e esperanza, especialmente aos enfermos, oremos.

3. Señor, lembramos a todas as persoas que damos vida a esta nosa terra, que sempre nos sentimos orgullosos da nosa fala, da nosa cultura, do noso ser de Galiza, valorando sempre a riqueza do mundo rural, oremos

4. Polos traballadores e traballadoras que nestes días miran o seu futuro con moi pouca esperanza, oremos

5. Polas persoas que teñen responsabilidade no mundo social, para que teñan atrevemento para facelo mellor do que se ten feito ata o día de hoxe, oremos

6. Polos voluntarios e profesionais que tanto ben fan nestes días, son para todos nós unha fonte de vida e alento. Por eles oremos

7. Polos homes, mulleres, nenos e nenas que hoxe non teñen nin mesa nin pan para compartir. Non esquezamos nunca a nosa responsabilidade cos refuxiados, cos emigrantes, cos famentos de pan e de vida, oremos

*Celebrante* Señor, Ti es mesa de vida. Que saibamos facer as cousas moito mellor do que as fixemos ata esta pandemia. Que o volver á “normalidade” non se quede en volver a ser o de antes, o que nos trouxo ata aquí. Que saibamos facer mellor as cousas, pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente, amén.

### 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS EN FAMILIA

#### NOSO PAI

*Celebrante:* Con Xesús queremos rezar a oración que El mesmo nos ensinou. Con ela pedimos Pan, o pan de vida para nós e para todos. Teñamos pois presentes a tantos que non o teñen e o necesitan máis ca nós: NOSO PAI ...

#### SIGNO DA PAZ

*Celebrante:* PAZ CONVOSCO son palabras do Resucitado. Acollamos pois esa voz, e contaxiémola a todos, por iso agora lembramos a quen cremos que hoxe está esperando que alguén lle ofrezca un anaco de Pan, tamén podemos lembrar a quen nos ofreceu a nós un anaquiño de pan.

#### NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUÑÓN

*Celebrante:* Pola man dos apóstolos a primeira comunidade de discípulos botaba a andar dando testemuño da Resurrección. Reunidos nas casas, escoitaban a palabra de Xesús transmitida polos homes e mulleres que a viviran de primeira man. Que compartamos de verdade hoxe a nosa fe sendo responsables e moi coidadosos cos nosos feitos. Ditosos nós que en familia o podemos facer.

#### 4.- AVISOS E DESPEDIDA


##### ORACIÓN FINAL

###### *Celebrante:*

Señor, que a celebración que temos compartido na casa nos alente no esforzo por guiar os nosos pasos polos vieiros do teu reino, dando froitos dabondo para os demais, en espera do Espírito prometido polo teu Fillo Xesús que vive e reina Resucitado contigo para sempre eternamente. Amén.

*Agradecidos coa nosa terra, neste día de Galiza, agradecidos coa nosa xente de rural (o pasado día 15 celebrouse o San Cidre, patrón do mundo rural), e agradecidos coas persoas que coidan e acompañan a quen está enfermo (hoxe celebramos o día do enfermo) que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*

UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS



FELICES FESTAS DA PASCUA

*Aínda que estamos na fase 1 da desescalada, seguimos confinados, o único que poderemos é achegarnos á casa de algún familiar ou amigo co que non estamos dende fai dous meses, e “pouco ou nada máis”.*

*Non é tempo de volver ao que facíamos antes. Facelo será un erro imperdoable e con unhas consecuencias tremendas para todos.*

*¡¡Por favor!!, co esforzo que deu chegar a onde estamos, non botemos todo por terra agora e sexamos, se cabe, máis responsables aínda.*

***“Quédate na casa”***

*E non teñas presa por saír e vivir coma antes. **“A pandemia continúa”***

Acompañamos este vídeo dende a delegación de Pastoral da Saúde

<https://www.youtube.com/watch?v=UqDUxZuGoo>